



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

A Coordinadora Galega de ONGD apoia a folga xeral

Santiago de Compostela. A Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD aprobou na última reunión dar apoio á folga xeral do 29 de setembro convocada polos sindicatos maioritarios, CC.OO e UGT. O apoio á folga é unha mostra do rexeitamento da Coordinadora cara as políticas de recortes sociais e de supresión dos dereitos dos traballadores e das traballadoras aprobadas polo goberno español e estimuladas polo FMI e a UE que afectan, de forma moi negativa, aos colectivos máis vulnerables.

Os sindicatos fixeron un chamamento a outros axentes sociais para que se sumaran a folga e como resultado xurdiu o manifesto de apoio das Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento. Neste manifesto, ademais de denunciar o rumbo da política económica e social do executivo español, faise referencia ao incumprimento do Pacto de Estado contra a Pobreza e aos recortes en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento dos últimos dous anos. (axuntamos manifesto)

A Coordinadora Galega de ONGD cumprirá 20 anos en 2011 e conta actualmente con 51 ONGD integradas.

Para máis información

Área de comunicación externa e sensibilización
Helena Capera Cullell
sensibilizacion@galiciasolidaria.org
981 585 189 – 618 626 627

22 de setembro de 2010